

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DO MAR

*RESOLUCIÓN do 27 de xaneiro de 2023, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se convocan exames extraordinarios teóricos para a obtención das titulacións que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer na Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento PE616D).*

A Orde da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, do 8 de xaneiro de 2009, pola que se establecen as condicións e se regulan os requisitos para a obtención dos títulos que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 11, do 16 de xaneiro), establece que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro poderá convocar con carácter anual, nos seus centros de ensino, as probas de carácter extraordinario para obter os títulos que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, polo que se regulan as titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de lecer (BOE núm. 247 do 11 de outubro), no cal se regulan os títulos náuticos que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer e motos náuticas, as atribucións, requisitos e o procedemento para a súa obtención.

O Real decreto 238/2019, do 5 de abril, polo que se establecen habilitacións anexas ás titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de lecer e se actualizan as medidas de seguridade na utilización de motos náuticas.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2015, a tramitación electrónica non pode ser aínda unha forma especial de xestión dos procedementos, senón que debe constituír a actuación habitual das administracións. As persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo. Polo tanto, todas as disposicións que regulen procedementos administrativos por instancia de parte, as bases reguladoras e as convocatorias de subvencións, así como o establecemento de servizos aos cidadáns e ao persoal empregado público no ámbito da Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia, deberán prever a presentación electrónica, ben na sede electrónica da Xunta de Galicia, ou ben en aplicacións propias de presentación electrónica que terán que ser accesibles desde a sede electrónica da Xunta de Galicia.



Esta dirección xeral, no uso das facultades que lle confire o Decreto 210/2022, do 1 de decembro, polo que se modifica o Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (DOG núm. 239, do 19 de decembro), resolve convocar os exames extraordinarios teóricos para a obtención dos títulos que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer de patrón/patroa para navegación básica, patrón/patroa de embarcacións de lecer, patrón/patroa de iate e capitán/capitá de iate, conforme as seguintes normas:

#### 1. Obxecto.

O obxecto desta resolución é establecer as condicións que teñen que cumprir as escolas de navegación de lecer da Comunidade Autónoma de Galicia para poderen presentar o seu alumnado ás probas extraordinarias teóricas, así como fixar as datas e os lugares de realización das citadas probas para obter os títulos que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Para a presentación de solicitudes deberanse empregar os modelos normalizados correspondentes ao código do procedemento administrativo PE616D, que están dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

#### 2. Normas xerais.

a) Os exames teóricos realizaranos os tribunais que se constitúan de conformidade co establecido no artigo 3 da Orde do 28 de novembro de 2007 pola que se regula a composición dos tribunais para a obtención de titulacións marítimo-pesqueiras e náutico-deportivas (DOG núm. 243, do 18 de decembro).

Para que se poida realizar a convocatoria extraordinaria nun centro de ensino será necesario reunir un mínimo de quince (15) persoas inscritas para as titulacións de patrón/patroa de embarcacións de lecer e patrón/patroa para navegación básica, e dez (10) para patrón/patroa de iate e capitán/capitá de iate. Se o centro de ensino non acada o número mínimo requirido, non poderá realizar o exame. Neste caso, os/as alumnos/as deberán realizar o exame no lugar indicado pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. No caso de non se poder realizar unha convocatoria de exame, as persoas matriculadas terán que solicitar a devolución da taxa e non a poderán utilizar para a seguinte convocatoria.

Dada a situación sanitaria actual debido á COVID-19, e no caso de que nun ou en varios dos centros de ensino exista un número elevado de persoas inscritas para algunha das pro-



bas convocadas, poderase realizar o exame en varias quendas. Neste caso, comunicárase-lles ás persoas interesadas, unha vez publicada a lista definitiva de admitidos/as no portal web de formación da Consellería do Mar <https://mar.xunta.gal/gl/formacion/informacion-do-alumnado> e nos taboleiros de anuncios de cada centro oficial de ensino, as quendas en que se realizarán as probas.

b) O alumnado das escolas de navegación de lecer que se presente ao exame teórico complementario de patrón/patroa de embarcacións de lecer debe estar en posesión da tarxeta de patrón/patroa para navegación básica ou do certificado de exame expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia. Os/as alumnos/as que presenten o certificado de exame soamente terán dereito a examinarse nas dúas seguintes convocatorias consecutivas ordinarias. Para este efecto, no caso de matricularse nas convocatorias extraordinarias, estas serán computadas como ordinarias. Estas persoas soamente terán que examinarse das unidades teóricas 7, 8, 9, 10 e 11 e disporán dun tempo máximo de 45 minutos para realizar o exame.

c) Ao alumnado das escolas de navegación de lecer que se presente ao exame para obter o título de patrón/patroa de embarcacións de lecer e non consiga superar a proba, pero si o faga de acordo coas exixencias de patrón/patroa para navegación básica, recoñeceráselle o dito aprobado, ben para as seguintes convocatorias nesta administración, ou ben para a expedición do título de patrón/patroa para navegación básica, e conservará o aprobado durante un período máximo de dúas convocatorias ordinarias consecutivas en que esta administración realice os exames de patrón/patroa de embarcacións de lecer. Para este efecto, no caso de matricularse nas convocatorias extraordinarias, estas serán computadas como ordinarias.

d) Ao alumnado das escolas de navegación de lecer que se presente ao exame de capitán/capitá de iate ou patrón/patroa de iate e supere algún dos módulos que conforman o exame teórico, de acordo co regulado no Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, conservaráselle o aprobado destes nas dúas seguintes convocatorias ordinarias consecutivas que convoque esta administración. Para este efecto, no caso de matricularse nas convocatorias extraordinarias, estas serán computadas como ordinarias.

### 3. Idade mínima.

Para obter as titulacións de patrón/patroa de embarcacións de lecer, patrón/patroa de iate e capitán/capitá de iate, as persoas interesadas deberán ter feitos os 18 anos de idade no momento de realizar as probas para a obtención destes títulos.



O título de patrón/patroa para navegación básica pódeno obter os/as menores de idade que teñan feitos os 16 anos no momento de realización das probas, sempre que acrediten, mediante a presentación por escrito, o consentimento dos seus pais, nais ou titores/as legais e superen os requisitos teóricos e prácticos exixidos no Real decreto 875/2014, do 10 de outubro.

#### 4. Solicitudes escolas navegación de lecer.

As escolas de navegación de lecer presentarán as solicitudes obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das escolas de navegación de lecer presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As escolas de navegación de lecer homologadas, para poderen presentar o seu alumnado aos exames teóricos, achegarán a seguinte documentación dentro do período de matrícula:

a) Solicitude dirixida ao centro oficial de ensino pesqueiro onde queira realizar o exame. O modelo de solicitude é o que figura no anexo I desta resolución. Deberán achegar unha solicitude por cada persoa que presenten á convocatoria (procedemento PE616D).

Unha vez finalizado o prazo de matrícula de cada convocatoria que aparece indicado no anexo III, farase pública a listaxe provisional das persoas admitidas e excluídas no portal web de formación da Consellería do Mar <https://mar.xunta.gal/gl/formacion/informacion-do-alumnado> e nos taboleiros de anuncios de cada centro oficial de ensino marítimo-pesqueiro, e darase un prazo de dez (10) días hábiles para que as escolas de navegación de lecer poidan emendar as deficiencias dos alumnos/as excluídos, de acordo co disposto no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



5. Documentación complementaria necesaria para presentarse aos exames teóricos.

5.1. A documentación complementaria que deben presentar as escolas de navegación de lecer xunto co anexo I é a seguinte:

a) Anexo II. Modelo de solicitude do alumnado da Escola de Navegación de Lecer.

b) Xustificante de aboamento das taxas. O pagamento da taxa débese realizar dentro do período de matrícula. No caso de que as persoas interesadas non realicen o pagamento da taxa antes da data da fin da matrícula, non se poderán presentar aos exames. O código da taxa é o seguinte: 30.21.01.

Segundo o establecido na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (BOE núm. 12, do 14 de xaneiro de 2004), e a Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 (DOG núm. 248, do 30 de decembro), as taxas polos dereitos de exame das distintas titulacións de lecer son as seguintes:

b.1. Exames teóricos:

– Patrón/patroa para navegación básica: 31,92 €.

– Patrón/patroa de embarcacións de lecer: 41,09 €.

– Patrón/patroa de iate: 57,57 €.

– Capitán/capitá de iate: 69,85 €.

Se desexa tramitar a taxa por vía telemática, deberá introducir os datos da taxa e efectuar o seu pagamento. Para isto dispón das modalidades de pagamento telemático (cargo en conta ou tarxeta) e pagamento presencial (mediante un impreso para presentar na entidade bancaria). Unha vez realizado o ingreso, obterá o xustificante correspondente.

Se desexa tramitar a taxa de xeito presencial, poderá obter un modelo en branco para cubrir ou ben introducir os datos da taxa e a aplicación proporcionarlle o modelo xa cuberto.

O enderezo web é o seguinte: [https://ovt.atriga.gal/#!/detalle\\_servizo/?Pago+de+taxas+e+prezos/11609730/4126995/11609860//item-dark-blue](https://ovt.atriga.gal/#!/detalle_servizo/?Pago+de+taxas+e+prezos/11609730/4126995/11609860//item-dark-blue)



c) Consentimento dos seus pais, nais ou titores/as legais para os menores de idade que teñan feitos os 16 anos no momento de realización das probas para obter o título de patrón/patroa para navegación básica.

d) Copia do título de patrón/patroa para navegación básica, se foi expedido fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, para poderse presentar ao exame teórico específico para a obtención do título de patrón/patroa de embarcacións de lecer e complementario do xa superado para obter o título de patrón/patroa para navegación básica. Deberán achegar copia do título antes de finalizar o prazo de matrícula.

e) Copia do título de patrón/patroa de embarcacións de lecer, se foi expedido fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, para as persoas que se presenten ao exame de patrón/patroa de iate. Deberán achegar copia do título antes de finalizar o prazo de matrícula.

f) Copia do título de patrón/patroa de iate, se foi expedido fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, para as persoas que se presenten ao exame de capitán/capitá de iate. Deberán achegar copia do título antes de finalizar o prazo de matrícula.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderáselle solicitar novamente á persoa interesada que os achegue.

## 5.2. A documentación complementaria deberase presentar electronicamente.

Se algunha das escolas de navegación de lecer presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.



As escolas de navegación de lecer responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5.3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

#### 6. Comprobación de datos.

6.1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á consulta:

- DNI ou NIE do alumnado.
- DNI ou NIE do representante.
- NIF da entidade solicitante.
- NIF da entidade representante.
- Título de patrón/patroa para navegación básica cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- Título de patrón/patroa de embarcacións de lecer cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- Título de patrón/patroa de iate cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- Certificado de exame de patrón/patroa para navegación básica cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- Certificado de exame de patrón/patroa de embarcacións de lecer cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.



- Certificado de exame de patrón/patroa de iate cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.

- Certificado de exame de capitán/capitá de iate cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.

6.2. No caso de que as escolas de navegación de lecer ou o seu alumnado se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no anexo I ou II e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

6.3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

#### 7. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes.

Todos os trámites administrativos que as escolas de navegación de lecer deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

8. Notificacións para actos de trámite individualizados que poidan xurdir no procedemento.

8.1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8.2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.





8.3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

8.4. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

8.5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### 9. Datas e lugares de exame.

As datas dos exames teóricos, así como os lugares onde se realizarán, aparecen indicados no anexo III.

As persoas que non se presenten aos exames non terán dereito á devolución das taxas. Só se prevé a posibilidade da devolución da taxa nos casos en que a ausencia sexa debido a unha enfermidade grave, circunstancia esta que deberá ser debidamente xustificada por un facultativo médico e notificada no prazo dos tres días seguintes ao do exame.

#### 10. Tribunais.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, unha vez publicada a listaxe definitiva de aspirantes aos exames nas distintas titulacións, nomeará os tribunais para a realización das probas e indicará as horas dos exames, así como calquera outra información, no taboleiro de anuncios do centro de ensino e no portal web de formación da Consellería do Mar.

#### 11. Desenvolvemento das probas.

Rematados os exames teóricos, o/a secretario/a do tribunal publicará no taboleiro de anuncios do centro de ensino e no portal web de formación da Consellería do Mar unha co-



pia do exame e a folia coas respostas correctas, co fin de que os/as interesados/as poidan comprobar o resultado do seu exercicio.

Unha vez corrixidos os exames teóricos, o tribunal fará públicas no taboleiro de anuncios do centro de ensino as listas provisionais das cualificacións, así como no portal web de formación da Consellería do Mar.

As persoas interesadas disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, desde a publicación no portal web de formación da Consellería do Mar, para formularen reclamacións ante o tribunal contra as cualificacións provisionais.

Unha vez resoltas as reclamacións presentadas, o/a presidente/a do tribunal ditará unha resolución coa lista das persoas que superaron as probas teóricas. Esta resolución publicárase no taboleiro de anuncios do centro de ensino e no portal web de formación da Consellería do Mar. Non obstante, para os actos de trámite individualizados que poidan xurdir no procedemento observárase o disposto no punto 12.

#### 12. Requisitos para a obtención dos títulos.

Para obter o título de lecer correspondente, ademais de superar estas probas os/as interesados/as deberán reunir os requisitos establecidos no Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, polo que se regulan as titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de lecer.

#### 13. Temarios de exame.

Os temarios oficiais de exame para as titulacións de capitán/capitá de iate, patrón/patroa de iate, patrón/patroa de embarcacións de lecer e patrón/patroa para navegación básica son os recollidos no anexo II do Real decreto 875/2014, do 10 de outubro.

De conformidade co establecido no anexo II do Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, a normativa IALA en que se basearán os exames para a obtención do título de patrón/patroa para a navegación básica e de patrón/patroa de embarcación de lecer será o Sistema de balizamento marítimo (IALA-MBS 2010). Na páxina web de Portos do Estado poderase descargar a documentación: [http://www.puertos.es/Documents/balizamiento\\_maritimo\\_0.pdf](http://www.puertos.es/Documents/balizamiento_maritimo_0.pdf)

#### 14. Criterios de corrección.

Os criterios de corrección dos exames de cada titulación de lecer aparecen indicados no Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, e no Real decreto 238/2019, do 5 de abril,



polo que se establecen habilitacións anexas ás titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de lecer e se actualizan as medidas de seguridade na utilización de motos náuticas.

#### 15. Recursos.

Contra as resolucións do/da presidente/a do tribunal os/as interesados/as poderán interpor recurso de alzada, perante a persoa titular da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da listaxe das notas definitivas no portal web de formación da Consellería do Mar.

Contra a resolución desta convocatoria poderán os/as interesados/as interpor recurso de alzada, perante a conselleira do Mar, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

Susana Rodríguez Carballo  
Directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro



PROCEDIMENTO <b>INSCRIPCIÓN DO ALUMNADO DAS ESCOLAS DE NAVEGACIÓN DE LECER NOS EXAMES TEÓRICOS EXTRAORDINARIOS PARA OBTEN OS TÍTULOS QUE HABILITAN PARA O GOBERNO DAS EMBARCAÇÕES DE LECER</b>	CÓDIGO DE PROCEDIMENTO <b>PE616D</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL  NIF

TIPO  NOME DA VÍA  NÚM.  BLOQ.  ANDAR  PORTA

PARROQUIA  LUGAR

CÓDIGO POSTAL  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO 1  TELÉFONO 2  CORREO ELECTRÓNICO

**E NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF

**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <https://notifica.xunta.gal>  
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.  
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que se poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

TELÉFONO MÓBIL  CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS DO/DA ALUMNO/A DA ESCOLA DE NAVEGACIÓN DE LECER**

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF

TIPO  NOME DA VÍA  NÚM.  BLOQ.  ANDAR  PORTA

PARROQUIA  LUGAR

CÓDIGO POSTAL  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO 1  TELÉFONO 2  CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS RELATIVOS AO EXAME**

Desexa participar no exame teórico para a obtención do título de:

CVE-DOG: j1axpxx2-rpy6-3xj5-zrv2-1dn38yxv44u8



**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

<input type="checkbox"/>	Anexo II. Modelo de solicitude do alumnado da Escola de Navegación de Lecer			
<input type="checkbox"/>	Xustificante do aboamento das taxas. Código: 30.21.01			
<input type="checkbox"/>	Consentimento dos seus pais, nais ou titores/as legais para os menores de idade que teñan feitos os 16 anos de idade no momento da realización das probas para obter o título de patrón/patroa para navegación básica			
		ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/>	Copia do título de patrón/patroa para navegación básica, se foi expedido fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, para poderse presentar ao exame teórico para a obtención do título de patrón/patroa de embarcacións de lecer e complementario do xa superado para obter o título de patrón/patroa para navegación básica			
<input type="checkbox"/>	Copia do título de patrón/patroa de embarcacións de lecer, se foi expedido fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, para as persoas que se presenten ao exame de patrón/patroa de iate			
<input type="checkbox"/>	Copia do título de patrón/patroa de iate, se foi expedido fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, para as persoas que se presenten ao exame de capitán/capitá de iate			

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNAME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b> A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
NIF da entidade representante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería do Mar.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúense na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>



**XUNTA  
DE GALICIA****CONSELLERÍA  
DO MAR****ANEXO I  
(continuación)****LEXISLACIÓN APLICABLE**

Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, polo que se regulan as titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de lecer.


Real decreto 238/2019, do 5 de abril, polo que se establecen habilitacións anexas ás titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de lecer e se actualizan as medidas de seguridade na utilización de motos náuticas.

Orde do 8 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as condicións que regulan os requisitos para a obtención dos títulos que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer na Comunidade Autónoma de Galicia.

Resolución do 27 de xaneiro de 2023, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se convocan exames extraordinarios teóricos para a obtención das titulacións que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer na Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento PE616D).

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de Tribunal de exames de  
titulacións de lecer de: **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas  
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: j1axpax2-rpy6-3xj5-zrv2-1dn38yxv44u8

**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**MODELO DE SOLICITUDE DO/DA ALUMNO/A NA ESCOLA DE NAVEGACIÓN DE LECER**

DATOS DO/DA ALUMNO/A							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR						
<input type="text"/>	<input type="text"/>						
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

COMPROBACIÓN DE DATOS	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE do/da alumno/a	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Título de patrón/patroa para navegación básica cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>
Título de patrón/patroa de embarcacións de lecer cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>
Título de patrón/patroa de iate cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>
Certificado de exame de patrón/patroa para navegación básica cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>
Certificado de exame de patrón/patroa de embarcacións de lecer cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>
Certificado de exame de patrón/patroa de iate cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>
Certificado de exame de capitán/capitá de iate cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>
<b>SENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b> A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade representante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON



**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería do Mar.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

**SINATURA DO/DA ALUMNO/A OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 



**ANEXO III****Convocatoria de marzo de 2023.****Matrícula: do 13 ao 24 de febreiro, ambos incluídos.**

Titulacións	Exame teórico	Centros de ensino onde se realizarán os exames teóricos
Patrón/patroa para navegación básica	20 de marzo	Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo Avda. Beiramar, 55, 36202 Vigo. Tfno. 886 11 08 25/886 11 08 26 Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol R/19 de Febreiro, 30-34, 15405 Ferrol. Tfno. 881 93 82 12/881 93 82 13 Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira R/ dos Estudantes, 7, 15960 Ribeira. Tfno. 881 86 63 17/881 86 63 24
Patrón/patroa de embarcacións de lecer	21 de marzo	Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira
Patrón/patroa de iate	22 de marzo	Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira
Capitán/capitá de iate	23 de marzo	As persoas interesadas terán que dirixir as solicitudes ao Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo. O exame realizarase na Escola Galega de Administración Pública (EGAP): rúa Madrid, 2-4, As Fontiñas 15707 Santiago de Compostela

**Convocatoria de xullo de 2023.****Matrícula: do 29 de maio ao 9 de xuño, ambos incluídos.**

Titulacións	Exame teórico	Centros de ensino onde se realizarán os exames teóricos
Patrón/patroa para navegación básica	3 de xullo	Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo Avda. Beiramar, 55, 36202 Vigo. Tfno. 886 11 08 25/886 11 08 26 Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol R/ 19 de Febreiro, 30-34, 15405 Ferrol. Teléf. 881 93 82 12/881 93 82 13 Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira R/ dos Estudantes, 7, 15960 Ribeira. Teléf. 881 86 63 17/881 86 63 24
Patrón/patroa de embarcacións de lecer	4 de xullo	Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira
Patrón/patroa de iate	5 de xullo	Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira

**Convocatoria de novembro de 2023.****Matrícula: do 20 de outubro ao 3 de novembro, ambos incluídos.**

Titulacións	Exame teórico	Centros de ensino onde se realizarán os exames teóricos
Patrón/patroa para navegación básica	27 de novembro	Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo Avda. Beiramar, 55, 36202 Vigo. Tfno. 886 11 08 25/886 11 08 26 Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol R/ 19 de Febreiro, 30-34, 15405 Ferrol. Tfno. 881 93 82 12/881 93 82 13 Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira R/ dos Estudantes, 7, 15960 Ribeira. Tfno. 881 86 63 17/881 86 63 24



Titulacións	Exame teórico	Centros de ensino onde se realizarán os exames teóricos
Patrón/patroa de embarcacións de lecer	28 de novembro	Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira
Patrón/patroa de iate	29 de novembro	Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira
Capitán/capitá de iate	30 de novembro	As persoas interesadas terán que dirixir as solicitudes ao Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo. O exame realizarase na Escola Galega de Administración Pública (EGAP): rúa Madrid, 2-4, As Fontiñas 15707 Santiago de Compostela

